



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE ARTEIXO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN “REPARACIÓN DE FIRMES EN VARIAS CARRETERAS DEL CONCELLO DE ARTEIXO” NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO DE SUEVOS

O Director de Portos de Galicia ao abeiro do artigo 15 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia declara e formula a seguinte memoria do convenio asinado co Concello de Arteixo arriba referenciado, por un período vixencia que abrangue catro anos respecto das obrigas uso, conservación e mantemento reguladas no dito convenio, agás unha prorroga expresa por un máximo catros anos. O instrumento convencional ten o obxecto e razóns que se expoñen de continuación.

1. Antecedentes e razóns de oportunidade

O Concello de Arteixo para dar cumprimento ás súas funcións está interesado na renovación de firmes de diversas estradas ao longo de todo o termo municipal.

Con este propósito, o Concello remítelle á Zona Centro de Portos de Galicia unha solicitude de autorización, á que acompaña o proxecto construtivo descritivo dos traballos e cos planos de localización, seccións tipo e drenaxe destes.

Segundo informa a xefa da Zona Centro de Portos de Galicia, das superficies afectadas pola actuación, unicamente afectan ao dominio público portuario a estrada de acceso ao porto de Suevos, que coa esta actuación gañará en seguridade viaria e condicións de rodadura.

A actuación prevista, consiste na rehabilitación superficial da estrada para dotala dunha óptima calidade tanto superficial como estrutural, e tal finalidade, realizaranse traballos previos de limpeza e varrido do firme, bacheado das zonas necesarias, e demolición do pavimento deteriorado nas zonas que o precisen para posteriormente realizar a reposición con zahorra artificial e afirmado con formigón bituminoso en quente con distintos fins. Ademais procederase ao nivelado da vía, a súa sinalización horizontal e vertical e á limpeza de cunetas.

A execución de infraestruturas como as que se pretende acometer polo Concello de Arteixo, que ofrecen un servizo engadido aos usuarios, resulta beneficioso para a explotación portuaria das instalacións de Suevos.

En definitiva, as devanditas obras suporán un efecto positivo tanto para o propio porto, coma tamén para o contorno urbano inmediato ao mesmo. Existindo unha converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Xa que logo, as Administracións acordan regular as súas relacións no que atinxe á execución, conservación, mantemento, limpeza e mellora das devanditas instalacións descritas e que discorren polo dominio público portuario.

2. Obxectivos

A finalidade común do convenio asinado é regular a colaboración entre Portos de Galicia e o Concello de Arteixo no que atinxe á execución en terreos de dominio público portuario de Suevos do proxecto de “REPARACIÓN DE FIRMES EN VARIAS CARRETERAS DEL CONCELLO DE ARTEIXO”, no que se inclúe a estrada de acceso ao porto de Suevos, de



titularidade de Portos de Galicia, en base ao proxecto de construción asinado en abril de 2017 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Miguel A. Fernández Rivera, e á conservación, mantemento e mellora da devandita obra definida no identificado proxecto, que se reflicte no plano anexo ao convenio.

O presuposto de licitación é:

ZONA ESTE:

- Presuposto de execución material: 84.489,98 euros
- Presuposto base de licitación mais IVA : 121.657,13 euros

ZONA OESTE:

- Presuposto de execución material: 262.756,35 euros
- Presuposto base de licitación mais IVA : 378.342,87 euros

Existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido. Todas as circunstancias expresadas determinan, a xuízo deste órgano de xestión, que é procedente autorizar, mediante un convenio de colaboración, as actuacións descritas a realizar no ámbito da zona do porto de Suevos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

O convenio asinado non supuxo achega económica por parte de Portos de Galicia, polo que a sinatura deste convenio, non se atopa nalgún dos supostos de necesidade de autorización previa do Consello da Xunta, esto é que se trate de gastos plurianuais ou obrigas económicas para a Facenda autonómica superiores a 150.000,00 euros, conforme á Disposición adicional segunda. Autorización de convenios da Lei 1/2016 do 15 de febreiro, de transparencia e bo goberno.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o convenio asinado, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, a 5 de marzo de 2019

O DIRECTOR XERAL,

-José Ignacio Villar García-

